

## NOTA DE PRENSA e documentación xeral

# O Colexio de Arquitectos de Galicia subliña a necesidade social dos seus profesionais para ofrecer “cultura, calidade e seguridade”

- A Delegación de Vigo programou unha andaina polo monte do Galiñeiro para apoiar a protección dos seus valores naturais, paisaxísticos, sociais e arqueolóxicos [domingo-6, 10:30-14:00 horas]
- No día da arquitectura os arquitectos vigueses farán un percorrido polas obras do Casco Vello da cidade, premiadas na última Bienal Española [luns-7, 10:30- 12:00 horas]

---

*Vigo, 4 de outubro de 2013 (Vía Láctea Comunicación).*- O Colexio de Arquitectos de Galicia celebra o próximo luns, 7 de outubro, o Día Mundial da Arquitectura baixo o lema “**Cultura–Arquitectura**”. Como todos os anos, as seccións nacionais membros da Unión Internacional de Arquitectos (UIA) levan a cabo diferentes actos para celebrar o Día Mundial da Arquitectura, que desde 1997 se celebra o primeiro luns de outubro, coincidindo co Día Mundial do Hábitat. O lema deste ano quere destacar a multitude de interpretacións e ilustracións que reflicten a diversidade, riqueza, imaxinación e capacidade de invención dos arquitectos a través dos seus deseños e obras.

Para completar e reforzar a mensaxe do Día Mundial da Arquitectura, o Colexio de Arquitectos de Galicia elaborou un manifesto propio titulado “**Arquitectura e Arquitectos**”, escrito polo director da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña (ETSAC), Fernando Agrasar. Nunhas liñas, o colectivo dos arquitectos pretende transmitir á sociedade o papel necesario que a disciplina arquitectónica e os seus profesionais xogan na actualidade. “A sociedade necesita da arquitectura, a arquitectura necesita aos arquitectos, daquela os arquitectos son necesarios para a sociedade. A arquitectura é imprescindible por cuestións utilitarias, culturais e ambientais” –apúntase no manifesto–. A necesidade social da arquitectura sería a premisa inicial.

O colectivo tamén destaca a importancia dos arquitectos na creación da obra arquitectónica “imaxinando o espazo e dirixindo o proceso de construción, cos coñecementos e capacidades necesarias para responder a un problema complexo”. A imprescindible participación do arquitecto na obra arquitectónica é a segunda premisa, pola que os arquitectos pretenden ofrecer á sociedade a cultura, calidade e seguridade que precisa o hábitat que a rodea [*xúntase manifesto completo*]. A través das súas sete delegacións, o Colexio de Arquitectos de Galicia pretende atraer aos cidadáns a esta celebración invitándoos a participar en todos os actos programados:

DELEGACIÓN	TEMA
A CORUÑA	Percorrido urbano polo barrio da Pescadería
FERROL	Percorrido en bicicleta pola arquitectura racionalista de Ferrol
LUGO	Acto de homenaxe ao arquitecto José Luis Fernández del Amo Moreno
OURENSE	Conferencia “A pegada do arquitecto Antonio Palacios en Ourense”
PONTEVEDRA	Casa Domínguez (Poio). Conferencia e visita á obra de Alejandro de la Sota
SANTIAGO	Percorrido pola arquitectura do movemento moderno da USC. Obra do IAG de Miguel Fisac
VIGO	Percorrido polo Casco Vello de Vigo. Andaina no monte Galiñeiro

## Andaina polo monte Galiñeiro e percorrido polo Casco Vello de Vigo

A celebración do Día Mundial da Arquitectura na Delegación de Vigo do Colexio de Arquitectos celebrárase o domingo-6 e o luns-7 de outubro. O domingo, a delegación programou unha **andaina no monte Galiñeiro**, visitando unha escolma dos seus achados arqueolóxicos e naturais como os Muíños de Zamáns e Vilaverde, a Cova de Xabre, o Muíño do Asubío e o Petroglifo de Auga da Laxe. O obxectivo desta actividade é coñecer e apoiar as accións orientadas á protección dos seus valores naturais, paisaxísticos, sociais e arqueolóxicos [*xúntase declaración institucional en apoio á protección da Serra do Galiñeiro*]. A visita realizarase entre as 10:30 e as 14:00 horas (saída 10:30 horas da gasoleira da Pasaxe na entrada a Vincios). Esta iniciativa está aberta a todos os públicos, especialmente aos máis pequenos.

O luns-7, Día Mundial da Arquitectura, a xunta directiva da delegación organizará un **percorrido polo Casco Vello de Vigo visitando o conxunto de intervencións do Consorcio Casco Vello de Vigo, premiado recentemente na Bienal Española de Arquitectura**. Esta visita, aberta a todo o público, comezará ás 10:30 horas na fonte do Paseo de Alfonso e finalizará ás 12:00 horas na Pinacoteca municipal. Segundo explican os organizadores, a finalidade desta actividade é elevar o nivel de coñecemento, sensibilidade e capacidade de esixencia dos diversos grupos de cidadáns e divulgar o entendemento da arquitectura como unha disciplina socialmente útil, ademais de instar ás autoridades, á sociedade civil e ás empresas a sacar o máximo proveito do poder da cultura para dar resposta aos desafíos máis acuciantes en materia de desenvolvemento: “sostibilidade medio ambiental e inclusión social”.

### ACTIVIDADES ORGANIZADAS PARA A SEMANA DO DÍA MUNDIAL DA ARQUITECTURA

- Domingo-6. Andaina polo monte Galiñeiro, visitando unha escolma dos seus achadegos arqueolóxicos e naturais. 10:30 – 14:00 horas
- Luns-7. Percorrido polo casco vello de Vigo, visitando a recentemente premiada intervención do Consorcio Casco Vello de Vigo na Bienal Española de Arquitectura. 10:30- 12:00 horas

*Nota.- Inclúe fotografías, manifesto do Colexio de Arquitectos de Galicia sobre o Día Mundial e declaración institucional da Delegación de Vigo en apoio á protección da Serra do Galiñeiro*

#### SAÚDOS

Prensa Colexio de Arquitectos de Galicia

981 55 44 07/ 636 571 913

[www.coaq.es](http://www.coaq.es)